

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA CONSEGUIR AVANZAR EN IGUALDADE
REAL E EFECTIVA FRONTE AO REARMAMENTO DO MACHISMO**

1. A Corporación municipal do Concello de Brión reafirma o seu compromiso coa loita feminista e o apoio ás mobilizacións e reivindicacións do feminismo galego organizado neste 8 de marzo de 2026.
2. Reclamar á Xunta de Galiza a promoción dun acordo de país para a creación do Instituto Galego das Mulleres como un organismo público que promova e fortaleza as políticas de igualdade de forma transversal en todos os ámbitos da vida social, económica, cultural e política de Galiza. Para tal fin, o Instituto contará con personalidade xurídica propia, orzamento propio, autonomía de xestión e plena capacidade de obrar para o exercicio das súas funcións e terá como obxectivo a promoción das condicións que promovan a igualdade e supriman todos os obstáculos que a impiden así como a eliminación de todas as formas de discriminación das mulleres en Galiza.
3. Instar á Xunta de Galiza a impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimos de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.

Declaración institucional aprobada por unanimidade dos once membros presentes, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (2), na Sesión Ordinaria celebrada polo pleno do Concello de Brión o día 18 de febreiro de 2026.